



GUÍA DOCENTE DE **IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO PIANÍSTICO I-IV**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO PIANÍSTICO APLICADO Á PEDAGOXÍA I-IV										
ESPECIALIDADE	Pedagogía							ITINERARIO	Xeral e da Linguaxe Musical	
CARÁCTER	Obrigatoria específica							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.					3	3	3	3	Observacións:	
									1h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento de capacidades que permitan a práctica da improvisación ao piano, a través do coñecemento dos elementos e procedementos construtivos. Traballo da lectura a primeira vista e a transposición. Principios básicos do acompañamento nos diferentes estilos e en diferentes formacións instrumentais. Improvisación a partir de diferentes elementos musicais (estructuras harmónico-formais, melódicas, rítmicas, etc.). Práctica do baixo cifrado. Consecución de ferramentas destinadas á súa aplicación no seu desenrolo profesional.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Coñecementos de harmonía, análise e nivel medio de piano.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Esta disciplina está relacionada con Práctica harmónico-contrapuntística, con Análise e con Piano aplicado.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T7, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X7, X8, X17, X21, X22, X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EP3, EP4
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de octubre	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado	T1, T3, X2, X4, X13, X21, X22, X23, EP.3, EP.4
2. Improvisar acompañamentos a unha melodía.	T1, T3, X2, X4, X7, X8, X13, X17, X21, X22, X23, EP.3, EP.4
3. Improvisar melodías según pautas establecidas previamente.	T1, T3, X2, X4, X7, X13, X17, X21, X22, X23, EP.3, EP.4
4. Memorizar estruturas harmónicas.	T1, T3, X2, X4, X13, X21, X22, X23, EP.3, EP.4
5. Desenvolver a capacidade de análise en canto a estruturas harmónicas e formais se refire.	T1, T3, T15, X2, X4, X7, X8, X11, X13, X17, X21, X22, X23, EP.3, EP.4



6. Desenvolver o pensamento consciente mentres se está tocando.	T1, T3, T7, T15, X2, X4, X7, X8, X11, X13, X17, X21, X22, X23, X24, EP.3, EP.4
7. Demostrar os reflexos necesarios para resolver no momento as posibles eventualidades que poidan xurdir tanto na interpretación como no acompañamento	T1, T3, T7, T15, X2, X4, X7, X8, X11, X13, X17, X21, X22, X23, X24, EP.3, EP.4
8. Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.	T1, T3, T7, T15, X2, X4, X7, X8, X11, X13, X17, X21, X22, X23, X24, EP.3, EP.4

4. CONTIDOS

1. O acorde. Estructuras harmónicas. Dominantes secundarias. Séptimas diatónicas. Motivos melódicos contrastantes.
2. Acompañamento: baixo cifrado, cifrado harmónico, cifrado americano.
3. Improvisación. Tonalismo, pentatonismo e modalismo.
4. Redución harmónica.
5. Lectura a vista e transposición

5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Práctica individual	Non presencial	Durante o cuatrimestre
Práctica colectiva	Presencial	Durante o cuatrimestre
Titorías: individuais e de grupo	Non presencial	Durante o cuatrimestre
Actividades de avaliación: probas e revisión de probas	Presencial e non presencial	Durante o cuatrimestre

6. AVALIACIÓN

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuatrimestre: ordinaria e extraordinaria. A avaliación ordinaria terá en conta a asistencia dos alumno/as ademais dos exames, traballos, exposicións e participación nas actividades complementarias que se consideren adecuadas.

Se o alumno/a perdera a avaliación continua por faltas de asistencia (serán determinadas pola CCP do centro), realizará a avaliación alternativa na que substituirase o porcentaxe da asistencia por un exame ou traballo complementario.

A avaliación extraordinaria se contempla para os alumno/as que no aprobaran a avaliación ordinaria e se realizará no mes de xullo. Os alumno/as terá que realizar un exame ou traballo complementario.